

boletín do cesg

Colexio de
Educadores Sociais
de Galicia

Nº37 NOVEMBRO 2006



Colexio de Educadores Sociais de Galicia

Rúa Gómez Ulla, 7-3º
15702 Santiago de Compostela
cesg@colexioeducadores.com

O/A EDUCADOR/A SOCIAL COMO PERITO XUDICIAL

A acción do/a Educador/a Social ten normalmente un carácter intervencionista, dirixido á mellora da situación social e educativa das persoas ás que dirixe o seu traballo. Para o desenvolvemento da súa labor, dispón de coñecementos e capacidade para a implementación de técnicas de análise e investigación socioeducativa, que son necesarias para a detección, análise, valoración e interpretación de necesidades do entorno socioeducativo (institucional, familiar, comunitario...) no que intervén. Estes coñecementos e capacidades veñen avalados pola súa formación universitaria, que inclúe nos seus plans de estudo materias específicas relacionadas coa investigación socioeducativa.

Esta capacidade de análise e valoración dunha situación social determinada, xunto coa formación específica na materia impartida polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, é a que fai do educador/a social o profesional competente para actuar como perito en procedementos xudiciais nos que se requira a valoración dun/ha experto/a no ámbito socioeducativo.

É indiscutible que para actuar como perito é necesario ter unha formación axeitada neste campo, polo que dende o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia ofertaremos periodicamente unha acción formativa neste eido. Os contidos deste curso céntranse no estudo dos elementos fundamentais da proba de peritos dentro do proceso, así como no traballo que debe desenvolver o perito como tal.

A participación neste curso é obrigatoria para aqueles que queiran formar parte das *listas de educadores/as sociais peritos xudiciais* remitidas dende o CEESG a primeiros de ano aos xulgados e tribunais, así como contar con dous anos de experiencia exercendo funcións de Educador/a Social. O cumprimento destes requisitos, recollidos no regulamento de réxime interior para a confección de listas de educadores/as sociais peritos xudiciais do CEESG, entendémolos como unha garantía para a realización dun traballo eficaz e de calidade. Este regulamento pode ser consultado a través da web www.colexioeducadores.com ou ben solicitándoo ao CEESG.

Na actualidade os Xulgados e Tribunais galegos dispoñen xa dun listado de educadores/as sociais dispostos a actuar como peritos, e a comezos de 2007 será remitida unha segunda lista.

Dende o colexio queremos dar a coñecer entre os colectivos vinculados a esta actividade a nosa competencia e valía para actuar como peritos xudiciais naqueles casos nos que sexa pertinente a valoración de factores socioeducativos a través dun ditame pericial. Para isto, o pasado mes de xullo remitimos un escrito informativo sobre a actuación pericial dos/as Educadores/as Sociais aos Colexios de Avogados de Galicia, Consello da Avogacía Galega, Tribunais e Xulgados galegos e Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O traballo dos/as educadores/as sociais peritos debe ser desenvolto con profesionalidade, rigor, imparcialidade e obxectividade, respectando as normativas vixentes que poidan afectalo na súa labor (Protección de Datos de Carácter Persoal, Lei de Axuízamento Civil...) e guiado na ética polas normas do noso código deontolóxico.

AS LISTAS DE EDUCADORES/AS SOCIAIS PERITOS XUDICIAIS DO ANO 2007 SERÁ ELABORADA NO VINDEIRO MES DE FEBREIRO. AS PERSOAS INTERESADAS QUE CUMPRAN OS REQUISITOS PODEN FACER XA AS SÚAS SOLICITUDES DE INCLUSIÓN OU DE RENOVACIÓN, TENDO DE PRAZO ATA O DÍA **9 DE FEBREIRO DE 2007**. AS PERSOAS QUE CUMPRAN TODOS OS REQUISITOS EXCEPTO O DE FORMACIÓN, PODERÁN SER INCLUIDAS NA LISTA SE PRESENTAN XUNTO COA SOLICITUDE A INSCRICIÓN AO CURSO QUE TERÁ LUGAR EN FEBREIRO DE 2007.

O REGULAMENTO PARA A ELABORACIÓN DAS LISTAS, ASÍ COMO AS SOLICITUDES DE INCLUSIÓN PODEN CONSULTARSE NA ZONA DE ACCESO EXCLUSIVO A COLEXIADOS DA WEB www.colexioeducadores.com (SECCIÓN AVISOS)

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- ✓ Reunión o día 2 de novembro con D. Jesús Varela Mallou, da Universidade de Santiago de Compostela, responsable da posta en marcha e avaliación do centro "Querote", para expoñer a necesidade de contratación de educadores/as sociais na rede de centros de educación afectivo-sexual de Galicia. Asistiron Alberto Fernández de Sanmamed, Alfonso Tembrás e Montse Sánchez, presidente, tesoureiro e empregada do CEESG respectivamente. Asistiu tamén María Muñoz Cadavid, profesora da facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago.
- ✓ Envío de escrito a D. Rubén Cela Díaz, Director Xeral de Xuventude e Voluntariado, reiterando a nosa solicitude de contratación de educadores sociais na rede de centros de educación afectivo-sexual de Galicia.
- ✓ Envío de escrito a Dona M^{re} Jesús Lago Vilaboa, Secretaria Xeral do Benestar, interesándonos polo cambio da xestión dalgúns centros de menores e solicitando audiencia para tratar este e outros temas vinculados a este ámbito de traballo.
- ✓ Sinatura de convenio con *Senes Centro de Iniciativas Transversais* para a organización conxunta de actividades de calquera índole encamiñadas ao desenvolvemento da Educación Social en Galicia, procurando unha aplicación práctica en proveito dos cidadáns/as galegos/as.
- ✓ Participación na reunión o día 8 de novembro do Comité Científico de "Galisenior", do que formou parte Alberto Fernández de Sanmamed, Presidente do CEESG. Asistiu na súa representación Andrea Fernández, membro do *Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica do CEESG*.
- ✓ Publicación no Diario Oficial de Galicia, o día 9 de novembro, do Decreto polo que se aproba o cambio de denominación do noso colexio, que pasa a denominarse "Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia".
- ✓ Envío de escrito á sección de "Cartas al director" do xornal *La Voz de Galicia*, expresando o descontento pola alusión referida ao cambio de nome do colexio no xornal do día 19 de novembro, que comentaba que a inclusión do xénero feminino fai "empobrecer a lingua".
- ✓ Aprobación o día 13 de novembro por parte da Comisión de Traballo e Asuntos Sociais do Congreso dos Deputados do proxecto de Lei de creación do *Consejo General de Colegios de Educadoras y Educadores Sociales*.
- ✓ Contacto coa Universidade de Santiago en referencia á solicitude realizada polo CEESG no mes de xullo, na que requiríamos que a titulación de Educación Social fose unha das preferentes para o acceso ao Programa Oficial de Posgrao de "Xestión Cultural". Responden que se accedeu á solicitude por acordo da Comisión de Estudos de Posgrao na súa sesión de 30 de outubro.
- ✓ Asistencia o día 15 de novembro ás Xornadas Técnicas *Experiencias, propostas e retos da orientación laboral e do autoemprego para persoas e colectivos de difícil inserción*, organizadas pola Asociación Plataforma polo Emprego en Santiago de Compostela. Asistiu Jorge Piñeiro, secretario do CEESG.
- ✓ Declaracións á revista *Tiempo* sobre a necesidade de incorporación dos profesionais da Educación Social no ámbito escolar. O artigo publicouse no nº 1282 da revista (semana do 20 ao 26 de novembro)
- ✓ Envío de escrito a Dona Carme Adán Villamarín, Secretaria Xeral da Igualdade, recordándolle a proposta presentada en xuño polo CEESG, de elaboración dun estudo para o deseño dun servizo social municipal especializado no ámbito das familias, infancias e adolescencias.
- ✓ Solicitude á Secretaría Xeral do Benestar de participación do CEESG nas reunións do Consello Galego de Servizos Sociais con voz e sen voto, ata que se aprrobe a reforma normativa que ten previsto incluír un representante do noso colexio nas mesmas condicións que os demais membros do consello.
- ✓ Envío de escrito ao Concello de Burela (Lugo) en relación ás bases para prover unha praza de Director da Casa da Xuventude, publicadas no BOP de Lugo de 7 de novembro, co obxecto de que se entendan como incluídos na convocatoria aos habilitados/as polo CEESG.
- ✓ Encontro coa entidade Mirasegur, S.L. co obxecto de valorar as opcións de ofrecer un seguro de responsabilidade civil aos colexiados/as do CEESG.
- ✓ Primeira xuntanza, o día 24 de novembro, do Grupo de Traballo "Educación Social e Xestión Sociocultural", na que se estableceron os obxectivos e plans de traballo do grupo.
- ✓ Asistencia o día 25 de novembro ao acto de entrega do premio "Eu tamén navegar. Para unha Galicia sen violencia de xénero", organizado pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar en Santiago de Compostela. Asistiu Alberto Fernández de Sanmamed, presidente do CEESG.
- ✓ Asistencia o día 25 de novembro ao Simposio *Asociacionismo e Cidadanía*, que tivo lugar na cidade de A Coruña organizado polo grupo de investigación SEPA-interea da Universidade de Santiago de Compostela. Asistiu Paloma Seijo, vogal do CEESG.
- ✓ Presentación o día 29 de novembro do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia aos alumnos da Universidade de Santiago de Compostela, no marco da presentación do prácticum da Diplomatura en Educación Social. Asistiu Jorge Piñeiro, secretario do CEESG.
- ✓ Resposta á solicitude do Consello da Avogacía de Galicia, na que nos requirían información sobre a actividade do Educador/a Social como perito.
- ✓ Posta en marcha dunha nova bolsa de emprego na páxina web www.colexioeducadores.com, coa colaboración de GaliciaEmpleo.

NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CEESG

- Boletín "Aldizkaria". Nº 133. Outubro 2006. Centro de Documentación de Drogodependencias.
- Boletín "Aldizkaria". Nº 134. Novembro 2006. Centro de Documentación de Drogodependencias.
- Xornal: "Entre Mayores. Hablamos de ti". Ano 6 – Nº 62. Novembro 2006.
- Xornal "Infoxove". Nº 7. Novembro de 2006. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Xunta de Galicia.
- Revista "Perfiles. Revista general de política social" Nº 225. Novembro 2006. ONCE.

ARTIGO DE INTERESE

EDUCACIÓN SOCIAL NO ÁMBITO ESCOLAR

Na prensa recente estanse a converter en habituais as novas referentes a casos de abuso, violencia escolar e agresións contra profesores, sendo neste momento un tema de máxima actualidade.

Entre as medidas a tomar para atallar este problema crecente, fálase da incorporación de Educadores/as Sociais ao sistema educativo, como medida de apoio na convivencia escolar e para actuar de xeito preventivo.

Entidades como UXT, CC.OO., CIG ou MUCE son algunhas das que plantexan esta proposta, tal como se pode constatar en declaracións á prensa e incluso nalgunha das súas publicacións. Tamén a CEAPA (*Confederación Española de Asociaciones de Madres y Padres de Alumnos*), nas súas aportacións ao documento elaborado polo Ministerio de Educación "*Una Educación de calidad para todos y entre todos*", alude en diversas ocasións á incorporación de Educadores/as Sociais como medidas a tomar para adaptar o sistema educativo ás novas realidades sociais.

Dende Asedes (Asociación Estatal de Educación Social) en representación dos Colexios profesionais de Educadores/as Sociais de todo o estado, xa no ano 2004 se remitira ao Ministerio de Educación un documento sobre o papel que cumpriría este profesional no ámbito escolar.

Por parte do CEESG estamos a levar a cabo neste momento unha campaña de solicitude de apoios escritos (por parte de entidades vinculadas á comunidade educativa) para presentar ante a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dado que o diálogo que se deu ata o momento foi improdutivo.

A finalidade das accións levadas a cabo é a creación dunha comisión na que estea presente, ademais do CEESG, a administración pública e outras entidades relacionadas coa comunidade educativa, co fin de estudar a forma máis axeitada de incorporación do/a Educador/a Social aos centros.

Estamos seguros de que a incorporación deste profesional nos centros escolares redundará nunha mellor calidade do sistema educativo.

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

Colabora co *Boletín do CESG* enviando o teu "Artigo de interese" a cesg@colexioeducadores.com

FORMACIÓN CONTINUA

XORNADAS DE E-INMIGRACIÓN E COMUNICACIÓN

Organiza: Club Internacional de Prensa e Secretaría Xeral da Comunicación da Xunta de Galicia.

Lugar: Aula Sociocultural Caixa Galicia.
Carreira do Conde, 18 (Santiago de Compostela)

Datas: 12, 13 e 14 de decembro.

Prezo: gratuíto.

Información: Club Internacional de Prensa
Avda. da Coruña, 6 - baixo 15706 Santiago
Tel.: 981 545 950
club.inter.prensa@xunta.es

III CONGRESO INTERNACIONAL MULTIDISCIPLINAR SOBRE TRASTORNOS DO COMPORTAMENTO EN MENORES. Prevención, Detección e Resolución da Violencia na Familia e na Escola.

Organiza: Fundación Internacional O'Belén.

Lugar: Guadalajara.
Teatro Buero Vallejo - C/ Cifuentes, 30

Datas: 15 e 16 de decembro.

Prezo: 348 €.

Información: Secretaría Técnica e Científica do Congreso: Stratego.
Tel. 91 5639440 // Fax: 91 5637372
congreso@obelen-trastornoscomportamiento.es
www.obelen-trastornoscomportamiento.es

FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADOS/AS

I.S. INTERVENCIÓN SOCIAL (Cursos a distancia)

- 1) **CURSO: INTERVENCIÓN SOCIOLABORAL** (125 h.)
- 2) **CURSO: INTERVENCIÓN CON MAIORES** (125 h.)
- 3) **CURSO: INTERVENCIÓN CON MENORES** (125 h.)
- 4) **CURSO: ACOLLEMENTO FAMILIAR E ADOPCIÓN** (125 h.)
- 5) **CURSO: VIOLENCIA SOBRE MULLERES: ASPECTOS PSICOSOCIAIS E XURÍDICOS** (100 h.)
- 6) **CURSO: MEDIACIÓN FAMILIAR E INTERXERACIONAL** (125 h.)

Prezo:	Cursos 2 e 3	Curso 5	Cursos 1, 4 e 6
Soporte papel	240 € c/u	200 €	250 €
Soporte CD-ROM	220 € c/u	180 €	230 €
Soporte Web	200 € c/u	150 €	200 €

Os cursos terán un desconto do 10% para colexiados/as do CEESG, sobre o prezo indicado.

Información: I.S. Intervención Social
C/ Peñalara, 15, baixo esq. 41005 Sevilla.
Tel.: 954 933807 Fax: 954 933808
formacion@intervencionsocial.com www.intervencionsocial.com

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Burela (Lugo): Anuncio das bases específicas para prover como persoal laboral fixo un posto de traballo de Director da Casa de Xuventude. (BOP de 07/11/06)

Concello de Foz (Lugo): Anuncio de corrección de erros das bases publicadas no BOP de 27/10/06 para prover varias prazas (unha praza de Educador/a Social e unha praza de Educador/a Familiar) (BOP de 13/11/06)

Concello de Gondomar (Pontevedra): Anuncio das bases para a selección dun/ha Axente de Igualdade de Oportunidades (BOP de 14/11/06)

Concello de Masquefa (Barcelona): Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza de Técnico de Xuventude (BOE de 17/11/06)

Concello de Tomiño (Pontevedra): Convocatoria de bases para prover por concurso-oposición unha praza de Informador Xuvenil, persoal laboral fixo (BOP de 17/11/06. Corrección de erros no de 30/11/06)

Concello de Ponte Caldelas (Pontevedra): Anuncio da oferta de emprego público 2006. Unha praza de Técnico Local de Emprego, unha praza de Educador/a Familiar (BOE 24/11/06)

Concello de Coirós (A Coruña): Anuncio das bases para a contratación laboral temporal dun Técnico en Animación e Información Xuvenil. (BOP de 25/11/06)

Concello de Sarria (Lugo): Resolución referente á convocatoria para prover unha praza. Unha praza de Técnico Local de Emprego. (BOE de 23/11/06)

Concello de Sarria (Lugo): Resolución referente á convocatoria para prover unha praza. Unha praza de Auxiliar de Información Xuvenil. (BOE de 28/11/06)

Concello de Ponteceso (A Coruña): Anuncio das bases para a contratación laboral dun Animador/a Cultural. (BOP de 30/11/06)

Concello de Sant Llorenç de Candassar (Balears): Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza de Educador Social. (BOE de 27/11/06)

OUTROS

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Resolución pola que se dá publicidade ao convenio de colaboración subscrito entre o Instituto da Muller e a Comunidade Autónoma de Galicia, sobre cooperación en programas e actuacións dirixidas especificamente a mulleres (BOE de 30/11/06)

OUTRAS CONVOCATORIAS

CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROXECTOS PARA ADOLESCENTES E MOZOS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

Convoca: Fundación Un Sol Món

Obxecto: Axudas a proxectos que fomenten a mellora da empleabilidade de adolescentes e mozos en risco de exclusión social.

Importe: ata 30.000 €.

Beneficiarios: Entidades sen ánimo de lucro legalmente constituídas e rexistradas con polo menos un ano de anterioridade á publicación da convocatoria e especializadas na intervención socioeducativa e/ou no ámbito de formación e inserción sociolaboral de mozos en risco de exclusión social.

Prazo: 15 de xaneiro de 2007.

Información: Fundación Un Sol Món
www.unsolmon.org
Tel.: 902 400973

Subvenciona:



Coa colaboración de:

